

O Servizo de Saúde de Castilla La Mancha comeza a cobrar a asistencia sanitaria aos **USUARIOS/AS SEN DEREITO A ASISTENCIA SANITARIA**

Publicado o 13 de Setembro de 2012 no BOCM

Os centros sanitarios do Servizo de Saúde de Castilla La Mancha deberán aplicar, ás asistencias prestadas a partir do 1/01/2012 nos supostos cuxo importe ten que reclamarse aos **TERCEIROS OBRIGADOS AO PAGO** ou aos **USUARIOS/AS SEN DEREITO A ASISTENCIA SANITARIA** da Seguridade Social ... os prezos que se detallan a continuación... *prezos que dependerán do Hospital ao que acudan as enfermas ou enfermos, xa que non todos cobran igual, un máis e outros máis se cabe...*



Prezos por hospitalización por “día de estancia e cama ocupada”, de acordo coa clasificación dos hospitais ... os cinco primeiros días, ata 580,75 euros; e se a estancia é no servizo de hospitalización Quirúrxico ata 1.138,97 euros. E se é un cativo ata 970,25 euros por estar na planta de pediatría cinco días...

Unha cesárea con complicacións 4.392,77€ e se é de alto risco ata 6.264,49€.

O prezo por intervención quirúrxica ambulatoria será 738,41 euros.

O prezo por urxencias será 222,73 euros. Se facturará sempre, tanto si o paciente ingresa no Centro coma se é dado de alta.

Hemodiálises: O prezo comprende a analítica e radioloxía rutineira, así como as transfusións. Se facturará, tanto a pacientes hospitalizados como en réxime ambulatorio, por cada sesión 282,64 euros.

TAC: Por estudo simple con ou sen contraste 158,85 euros e por estudo dobre con ou sen contraste 230,05 euros.

Resonancia magnética: por cada resonancia 294,31 euros.

Resonancia dobre: 412,00 euros.

O transporte sanitario será por conta directa do paciente. No caso de que se realice con medios propios do SESCOAM, efectuarase aplicando os seguintes prezos... entre outros, o servizo ordinario e o de urxencias, neste atópase por exemplo, 1.033,13 euros por asistencia dunha ambulancia de Soporte Vital Avanzado (UVI Móbil), 394,29 euros pola asistencia dunha ambulancia de Soporte Vital Básico e 192,62 pola asistencia dunha ambulancia de Urxencias (Non asistencial de Urxencias).

E moitos, moitos máis prezos se entres no BOCM do 13 de setembro de 2012... non ten perda!!!

Sr. Feijóo, unha vez remate a campaña electoral,

vai facer o mesmo?

vaise esquecer das súas propostas precampaña?

vainos aplicar estes prezos?

ou aínda serán superiores?



**Galicia
por riba
de todo**

... en paro
... en precariedade
... en copagos
... en recortes
... en sanidade privada
... en eliminación dos servizos públicos
... en aplicación das medidas
anti traballadores asinadas polo
Partido Popular en Madrid